



Concello de Xunzo de Limia

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/2	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

10 de abril de 2025

Duración:

Desde las 9:05 hasta las 10:45

Lugar:

Salón de Plenos do Concello

Presidida por:

Amador Diaz Penin

Secretario:

Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO	SÍ
34729730Y	Carlos Gomez Salgado	SÍ
76726643T	Carlos López Montero	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS	SÍ
34953793A	Maria de los Angeles Martinez Marra	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
76709485T	Ricardo Sieiro Opazo	SÍ
44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asisten *a Interventora dona Mónica Legaspi Díaz e a Adxunta a Secretaría dona M^a Dolores Fernández Salgado.*





Concello de Xinzo de Limia

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O Sr. **Presidente** pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día 27/02/2025.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida.**

Expediente 2676/2023. REITERACIÓN DE SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA A "FESTA DO ESQUECEMENTO":	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día 07/04/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 01/04/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Tendo coñecemento da solicitude de declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia presentada polo Asociación Civitas Limicorum á que se achega a memoria explicativa do cumprimento dos requisitos para tal mención.

Visto informe emitido polo Concelleiro de Cultura e Turismo do seguinte teor literal:

“*Por medio deste escrito reiteramos a solicitude para que a "Festa do Esquecemento" sexa declarada Festa de Interese Turístico de Galicia**, tendo en conta os importantes elementos que xustifican esta petición.

A "Festa do Esquecemento" cumpre este 2025 un cuarto de século, 25 anos de unha celebración consolidada dentro do noso calendario festivo galego, cunha destacada afluencia de público, superando os 30.000 visitantes cada ano. Esta cifra reflicte non só o interese da poboación local senón tamén a capacidade de atracción de persoas de fora da nosa provincia Ourensá, do resto do Estado e mesmo do norte de Portugal, que ven na Festa do Esquecemento unha oportunidade única para mergullarse na historia e tradicións da Romanización de Galicia e do noroeste da Península Ibérica. Neste senso, o impacto económico sobre a poboación de Xinzo de Limia e a comarca é evidente, beneficiándose tanto o sector comercial como a hostalaría e outros servizos locais.

A participación activa de máis de 2000 persoas ataviadas de Castrexos e Romanos é un dos principais atractivos deste Evento, creando un espectáculo visual, cultural e turístico de gran valor.

A súa representación en actos nos que participan mais de 1500 figurantes, como a teatralización do Paso do Río Lethes por o Cónsul Décimo Xuño Bruto o primeiro home documentado alcumado o Gallaicus, o primeiro apelido Galego da historia. Tamén o Prendido do Lume Sagrado, a Batalla pola conquista da Gallaecia entre Castrexos e Romanos, o Macelum, a recreación do Circo Romano ou do Campamento Galaico Romano que recrea un Poboado Castrexo e un asentamento Romano con máis de 600 persoas rigorosamente ataviadas de época, os Desfiles multitudinarios aplaudidos por milleiros de persoas, así como outros eventos históricos, enriquecen a experiencia do visitante, ao tempo que axuda a consolidar a nosa identidade cultural e mesmo a nosa economía.

Ademais, a "Festa do Esquecemento" desempeña un papel fundamental na promoción turística do municipio, xunto co Entroido, sendo a segunda celebración máis importante do Concello de Xinzo





Concello de Xinzo de Limia

de Limia. A súa capacidade de atraer visitantes, tanto de Galicia como de fóra, fai que sexa unha excelente plataforma para a proxección exterior do noso municipio e da comarca.

*Por todo elo reiteramos que a **Festa do Esquecemento** reúne unha serie de valores que xustifican sobradamente a súa promoción como unha das festas de interese turístico de Galicia:*

- **Valor histórico:** A recreación de aspectos da vida romana e castrexa, especialmente o paso do río Lethes, permite aos visitantes revivir os tempos antigos e comprender mellor a nosa historia.
- **Valor etnográfico e cultural:** O fomento da nosa tradición a través da participación de diversos colectivos da Comarca, das asociacións socio culturais culturais, de grupos de teatro e escolas musicais, xira en torno ao coñecemento e a posta en valor da nosa identidade.
- **Valor estético e visual:** As recreacións e desfiles dos castrexos e romanos, acompañados de música e elementos sonoros, proporcionan unha experiencia visual única que resulta moi atractiva tanto para locais como para forasteiros.
- **Valor económico e turístico:** A festa representa unha inxección económica importante para o noso municipio e comarca, especialmente nos sectores de comercio e hostalaría.
- **Valor social:** A festa serve como punto de encontro para a comunidade, que se organiza activamente para dar vida a este evento tan significativo para todos nós.

*Por todo iso, reiteramos a solicitude para que se valore de maneira favorable a proposta de declaración da "Festa do Esquecemento" como **Festa de Interese Turístico de Galicia***, co obxectivo de seguir mellorando a súa organización e calidade, facendo dela un evento de proxección internacional que beneficie ao noso concello e á súa comarca.*

Confiamos en que esta petición será atendida de forma positiva, continuando co traballo iniciado en anos anteriores para que a "Festa do Esquecemento" siga sendo unha referencia turística e cultural dentro das festividades galegas."

Visto acordo plenario de data 12/05/2023 polo que se solicitou a declaración de festa de interese turístico de Galicia.

PROPOÑO.

ÚNICO. Reiterar a solicitude de declaración da Festa do Esquecemento como de "Interese Turístico de Galicia" ao abeiro do Decreto 4/2015, e remitir o acordo á Dirección de competitividade da Axencia de Turismo de Galicia. (...)”

Sen producirse debate a proposta resulta *ditaminada favorablemente*, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal “ÁXIL” (1, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), cos votos a favor dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:

ÚNICO. Reiterar a solicitude de declaración da Festa do Esquecemento como de "Interese Turístico de Galicia" ao abeiro do Decreto 4/2015, e remitir o acordo á Dirección de competitividade da Axencia de Turismo de Galicia. (...)”

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

O **Sr Camilo Vila García** anuncia o voto a favor habida conta da participación do pobo na organización desta festa a diferenza do que aconteceu co Entroido, e indica que o anterior concelleiro do BNG no seu día tamén elaborou o informe correspondente para realizar esta solicitude.

A **Sr Elvira Lama Fernández** anunciou o seu voto a favor dado que se reitera unha solicitude que xa se apoiou no ano 2023 e desexa que dita declaración chegue a tempo a fin de poder conmemorar o 25 aniversario de dita festa.





Concello de Xinzo de Limia

Tras o debate, a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

ÚNICO. Reiterar a solicitude de declaración da Festa do Esquecemento como de “Interese Turístico de Galicia” ao abeiro do Decreto 4/2015, e remitir o acordo á Dirección de competitividade da Axencia de Turismo de Galicia.

Expediente 2261/2025. ASUNCIÓN DA TITULARIDADE DA CONCESIÓN DE APROVEITAMENTO DE AUGAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE GUDÍN:
--

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade**, do día 07/04/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 02/04/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista la resolución concesional de fecha 20/11/2015, dictada en el expediente A/32/18274, en virtud de la cual, se otorga por la Confederación Hidrográfica del Miño-Si, O.A. a la Comunidad de Usuarios del Agua de Gudín, con C.I.F. G32449688, una concesión de aprovechamiento de aguas procedente de cuatro manantiales situados en Serra de Larouco para abastecimiento de población durante un plazo de 20 años, autorizando asimismo a la ocupación de los terrenos de dominio público hidráulico necesarios para las obras de la concesión, estableciendo literalmente:

“(…)
(…)”

Vista acta de fecha 15/02/2025 obrante en el expediente administrativo, en virtud de la cual, la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gudín acuerda que la concesión de aprovechamiento de agua anteriormente identificada sea asumida por el Ayuntamiento de Xinzo.

Vista formalización del contrato de concesión administrativa de gestión integral del servicio municipal de abastecimiento de agua de fecha 23 de abril de 1996 firmado por “AGUAGEST, SA” (actualmente VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U).

Visto informe presentado por la concesionaria en relación a la adecuación de la red para para la prestación del servicio en el que se indica que el estado general de la red es correcto, salvo vicios ocultos, siendo necesaria la contratación de una serie de suministros para la adecuación del depósito

PROPOÑO AL PLENARIO.

1. Aceptar el cambio de titularidad de la concesión de aprovechamiento de aguas procedente de cuatro manantiales situados en Serra de Larouco para abastecimiento de población durante un plazo de 20 años, según lo acordado en el acta de fecha 15/02/2025 de la asamblea general extraordinaria de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gudín.
2. Autorizado el cambio de titularidad de la concesión de aprovechamiento de aguas por parte de la Confederación Hidrográfica Miño Sil, se procederá por la empresa concesionaria VIAQUA S.L.U a realizar las actuaciones necesarias para la adecuación de la red, de conformidad con el informe de situación de la red obrante al expediente, a fin de posteriormente con carácter previo a la prestación del servicio por la concesionaria se remita la documentación a la Consellería de Sanidade.
3. Notificar el presente acuerdo a la Confederación Hidrográfica Miño-Sil a fin de que se resuelva el expediente de cambio de titularidad de la concesión A/32/18274 de aprovechamiento de aguas para abastecimiento solicitado por la Comunidad de Usuarios de Agua de Gudín.
4. Notificar el presente acuerdo a los representantes de la Comunidad de Usuarios de Aguas de





Concello de Xinzo de Limia

Gudín y a la empresa VIAQUA S.L.U.

Examinada la presente propuesta se informa favorablemente por los Departamentos de Intervención y Secretaría. (...)”

Sen producirse debate a proposta resulta ***ditaminada favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:***

1) Aceptar el cambio de titularidad de la concesión de aprovechamiento de aguas procedente de cuatro manantiales situados en Serra de Larouco para abastecimiento de población durante un plazo de 20 años, según lo acordado en el acta de fecha 15/02/2025 de la asamblea general extraordinaria de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gudín.

2) Autorizado el cambio de titularidad de la concesión de aprovechamiento de aguas por parte de la Confederación Hidrográfica Miño Sil, se procederá por la empresa concesionaria VIAQUA S.L.U a realizar las actuaciones necesarias para la adecuación de la red, de conformidad con el informe de situación de la red obrante al expediente, a fin de posteriormente con carácter previo a la prestación del servicio por la concesionaria se remita la documentación a la Consellería de Sanidade.

3) Notificar el presente acuerdo a la Confederación Hidrográfica Miño-Sil a fin de que se resuelva el expediente de cambio de titularidad de la concesión A/32/18274 de aprovechamiento de aguas para abastecimiento solicitado por la Comunidad de Usuarios de Agua de Gudín.

4) Notificar el presente acuerdo a los representantes de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gudín y a la empresa VIAQUA S.L.U. (...)”

O Sr. **Alcalde** expón que hai uns meses as analíticas detectaron eivas na auga de Gudín e sendo que á data actual seguen sen subsanarse é polo que a Comunidad de Usuarios de Aguas de Gudín acordou que o Concello asumise a concesión a fin de que se leve a cabo un maior control a través da concesionaria Viaqua a cal terá que levar a cabo con carácter previo unha serie de actuacións como a instalación dun sistema de cloración. A continuación abre a **quenda de intervencións:**

O Sr. **Camilo Vila García** comeza a súa intervención felicitando ó grupo de goberno pola xestión levada a cabo anunciando ó voto a favor dado que é unha solicitude da veciñanza e salienta o feito de que a auga é un recurso de crecente valor.

A Sra. **Elvira Lama Fernández** comeza a súa intervención indicando que se trata dunha competencia propia dos Concellos e que sería acaído que todos os núcleos tivesen xestionada a auga por parte da concesionaria VIAQUA a fin de garantir a salubridade e abastecemento da mesma, motivo polo que propón que se faga un estudo dos núcleos nos que a data actual non hai rede de traída de suministro municipal.

O Sr. **Alcalde** pecha a quenda de intervencións indicando que se está a traballar para convencer ós pobos da necesidade de levar a cabo un tratamento e control da auga máis estrito se ben a xente é reticente a dita proposta.

Tralo debate a proposta resulta ***aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:***

1) Aceptar el cambio de titularidad de la concesión de aprovechamiento de aguas procedente de cuatro manantiales situados en Serra de Larouco para abastecimiento de población durante un plazo de 20 años, según lo acordado en el acta de fecha 15/02/2025 de la asamblea general extraordinaria de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gudín.

2) Autorizado el cambio de titularidad de la concesión de aprovechamiento de aguas por parte de la Confederación Hidrográfica Miño Sil, se procederá por la empresa





Concello de Xinzo de Limia

concesionaria VIAQUA S.L.U a realizar las actuaciones necesarias para la adecuación de la red, de conformidad con el informe de situación de la red obrante al expediente, a fin de posteriormente con carácter previo a la prestación del servicio por la concesionaria se remita la documentación a la Consellería de Sanidade.

3) Notificar el presente acuerdo a la Confederación Hidrográfica Miño-Sil a fin de que se resuelva el expediente de cambio de titularidad de la concesión A/32/18274 de aprovechamiento de aguas para abastecimiento solicitado por la Comunidad de Usuarios de Agua de Gudín.

4) Notificar el presente acuerdo a los representantes de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gudín y a la empresa VIAQUA S.L.U.

Expediente 2441/2025. Bonificación ICIO de licencia urbanística de obras de instalación dun ascensor no CEIP Carlos Casares:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 07/04/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 02/04/2025, do seguinte teor literal:

“(…) PROPOSTA DA ALCALDÍA BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS DE LICENZA URBANÍSTICA DE INSTALACIÓN DE ASCENSOR E OUTRAS REFORMAS INTERIORES NO CEIP CARLOS CASARES DE XINZO DE LIMIA

Vista solicitude de bonificación do ICIO de data 12/11/2024 presentada pola Consellería de Educación , Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Visto informe emitido polo Departamento de Tesourería, do seguinte teor literal:

“Vista a solicitude presentada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, ó 15/11/2024 (rexistro nº 7175) en relación á liquidación da taxa por licenza urbanística e imposto sobre instalación dun ascensor e outras reformas interiores no CEIP Carlos Casares de Xinzo de Limia.

Vista a disposición adicional décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que indica que as administracións educativas poderán establecer procedementos e instrumentos para favorecer es estimular a xestión conxunta coas Administracións locais e a colaboración entre centros educativos e Administracións públicas, e que a conservación e o mantemento dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil corresponde ao municipio respectivo, solicítase que se bonifique o imposto de construción, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do Concello.

Vista a **LEXISLACIÓN APLICABLE**

Ordenanza Fiscal número 1: Reguladora do imposto sobre Construcción, Instalacións e Obras.

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales

Visto o Artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2004, é posible que as ordenanzas fiscais establezan, entre outras bonificacións potestativas sobre a cota do imposto sobre construcción, instalacións e obras, a seguinte:





Concello de Xunzo de Limia

“...2. Las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto:

a) Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.”

Visto o artigo 10 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras esta posibilidade do Concello de Xunzo de Lima recolle no número 1:

“Art 10º.- Aplicarase una bonificación sobra a cota do imposto de ata o 95% a favor das construcións, instalación e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

Segundo se desprende dos antecedentes de feito, en principio neste caso concorren circunstancias sociais que, consonte a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, poderían xustificar a declaración desta obra como de especial interese ou utilidade municipal e conseguintemente a aplicación dunha bonificación de ata o 95% da cota do imposto, sempre que o Plenario municipal así o acorde por maioría simple dos seus membros.

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas urbanísticas no artigo 7 onde establece: “Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta taxa”.

Por todo o exposto, **PROPONSE:**

Primeiro. Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de instalación dun ascensor e outras reformas interiores no CEIP Carlos Casares de Xunzo de Limia.

Segundo. Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer. “

PROPOÑO

Primeiro. Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de instalación dun ascensor e outras reformas interiores no CEIP Carlos Casares de Xunzo de Limia.

Segundo. Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer.

Examinada a presente proposta infórmase favorablemente polos Departamentos de Secretaría, Intervención e Tesourería. (...)”

Sen producirse debate a proposta resulta **ditaminada favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

Primeiro. Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de instalación dun ascensor e outras reformas interiores no CEIP Carlos Casares de Xunzo de Limia.

Segundo. Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer. (...)”

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

Primeiro. Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de instalación dun





Concello de Xinzo de Limia

ascensor e outras reformas interiores no CEIP Carlos Casares de Xinzo de Limia.

Segundo. Aplicar unha bonificación do 95% sobre a cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que corresponda impoñer.

Expediente 2493/2025. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DECLARACIÓN DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA DENTRO DAS ZONAS VULNERÁBEIS POR NITRATOS:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente ditame da **Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 07/04/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o **Sr. Alcalde** expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, é aceptada a súa urxencia por unanimidade.

Seguidamente o **Sr. Concelleiro Camilo Vila García** expón o contido da moción, do seguinte teor literal:

“(…) MOCIÓN SOBRE A DECLARACIÓN DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA DENTRO DAS ZONAS VULNERÁBEIS POR NITRATOS

D. Camilo Vila García e D. Manuel Pozo Fariñas, concelleiros do Grupo municipal do BNG no concello de Xinzo de Limia, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Xa nos anos 90, e diante da problemática de contaminación de augas tanto superficiais como soterradas no norte de Europa, especialmente nos Países Baixos, a antiga CEE promulga unha “Directiva de Nitratos” na que xa se falaba da zonas vulnerábeis, e pónense en marcha normativas reguladoras: Zonas Vulnerábeis, Cadencia de catro anos para revisión e Obriga de establecer un Programa de Actuación ou Plan de Acción.

No ano 2000 desenvólvese a Directiva Marco da Auga (DMA) que pasa a fixar condicións máis estritas. Esta Directiva promove un uso sostíbel da auga, garantindo que as actividades humanas como a agricultura, a industria ou o abastecemento urbano, non comprometan a dispoñibilidade e calidade deste recurso.

No ano 2022, o Decreto 47/2022, de *Protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias*, desenvolve, regula e fixa un prazo máximo de 3 anos, que remata en maio de 2025, para a Declaración de Zonas Vulnerábeis por Nitratos, pero exclusivamente por contaminación provinte de actividades agrarias e/ou gandeiras. Neste Decreto preséntase un mapa do Estado con zonas susceptíbeis de ser declaradas ZVN, froito de análíticas feitas por distintos organismos oficiais e que configura a situación actual.

Tamén establece un prazo máximo de dous anos para elaborar un Plan de Acción, desde o decreto de declaración de ZVN e reducir a contaminación. As condicións establecidas nese Plan de Acción deben ser revisadas cada catro anos. Todo parece indicar que a Xunta de Galiza vai esgotar o prazo de 24 meses, intentando que o tempo amaie a situación, cousa que por desgraza non vai acontecer.





Concello de Xinzo de Limia

A finais de febreiro vimos de coñecer a inminente declaración do noso concello **como Zona Vulnerábel por Nitratos (ZVN)**. Os motivos desta declaración, que non parecen nada claros, teñen que ver con analíticas de pozos, encoros, ríos e acuíferos, nos que se observa contaminación por nitratos e/ou fosfatos con risco de eutrofización. Este “mapa” é elaborado en base a analíticas realizadas no período entre o 2016 e o 2019, polo que, a maior parte están desactualizadas e posibelmente non respondan á realidade actual.

Sorprendentemente, as persoas que representan á Xunta de Galiza trasladan a alcaldías e representantes do sector produtor que a declaración como Zona Vulnerábel non vai ter repercusións nin limitacións, algo que é totalmente falso.

Para afondar na improvisación e a inacción diante desta difícil situación para o sector agrario e gandeiro do noso concello, tratan de explicar que non se implementaron medidas concretas con anterioridade debido á expectativa de que as mobilizacións dos sectores agrario e gandeiro nos últimos anos deterían a declaración.

As propostas da Consellería do Medio Rural para incluír no Plan de Acción van desde a creación dunha etiqueta de gandaría e agricultura sostíbel para as zonas afectadas (pola boa xestión dos xurros), á posta en marcha de plantas de tratamento de residuos e produción de biometano.

Toda esta situación xera medo e inquedanza dos nosos sectores produtivos e que poden poñer en perigo moitas explotacións, unha vez sexan declaradas ZVN, polo aumento dos custes de produción que poden vir dados por novos investimentos nas explotacións: filtros, fosas de xurro.... Ou polo custe do traslado do xurro até as plantas de biogás, pola obriga de aumento do barbeito, ou polo sistema de abonado con materias químicas máis custosas; medo e inquedanza polo aumento da burocracia como a obriga do libro de explotación, os plans de abonado; pola perda de prestixio das nosas producións: carne e pataca e a conseguinte baixada de prezos, así como as limitacións de produción en porcino.

Chegado este momento é fundamental destacar a absoluta responsabilidade da Xunta de Galiza, pola súa desidia e falta de transparencia, quedando moitas cuestións sen resolver. A día de hoxe existen moitas sombras nun tema tan importante para a nosa comarca e faise necesario poder aclarar todas as dúbidas.

Desde o BNG somos conscientes de que os concellos afectados por esta declaración teñen escasas ou nulas competencias na solución deste problema. Porén, poden ser administracións proactivas para esixir ás distintas administracións competentes (especialmente á Xunta de Galiza) **TRASPARENCIA E RIGOR TÉCNICO** na concreción das Zonas Vulnerábeis a Nitratos e que a adopción das medidas pertinentes no Plan de Acción permitan mellorar a situación ambiental da comarca e das súas augas (tanto superficiais como soterradas), e, ao mesmo tempo, poder conservar o potencial agrario e gandeiro do noso municipio.

En base ao anteriormente exposto, solicitamos ao conxunto da corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Esixir á Xunta de Galiza que dea a coñecer de inmediato os datos técnicos e as analíticas que producen a declaración de Zonas Vulnerábeis por Nitratos (ZVN).
2. Requerir á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Augas de Galiza os seus informes realizados para a aplicación do Decreto 47/2022.
3. Solicitar á Xunta de Galiza unha comisión de seguimento entre a Consellería de Medio Rural e concellos afectados, para o seguimento da redacción do Plan de Acción e o seu desenvolvemento nos seguintes catro anos.
4. Solicitar á Xunta de Galiza que o Plan de Acción en ningún caso poida derivar responsabilidades, competencias nin ningún tipo de financiamento por parte das entidades locais, sendo asumido na súa





Concello de Xinzo de Limia

integridade pola Xunta de Galiza.

5. Instar á Xunta de Galiza ao establecemento de medidas de apoio económico, a través das axudas da Consellaría do Medio Rural para plans de mellora de explotacións agrarias, que incorporen investimentos (de ser precisos) para adoptar os requisitos ambientais decretados. (...)

Intervén o **Sr. Alcalde** propondo engadir no punto terceiro da proposta de acordo, no relativo á composición da comisión de seguimento, incluír na mesma a maiores da Consellería de Medio Rural e concellos afectados, ós sindicatos, á I.X.P. Pataca de Galicia, ás asociacións de produtores de pataca, e á asociación ADEGAL, así como á Universidade Campus da Auga, proposta que é admitida por **unanimidade**.

Seguidamente intervén a Concelleira **Elvira Lama** para propor engadir un novo punto, cuxo contido xa foi debatido no plenario da Deputación Provincial de Ourense e aprobado na mesma, sendo este do seguinte teor literal: "Esixir á Xunta de Galicia que dea a coñecer de inmediato o contido completo do Plan Estratéxico da Limia, elaborado xa no ano 2021, así como as medidas contempladas nel."

Proposta de engádegas que foi aceptada por **unanimidade**.

Tralo debate, a moción presentada coa redacción das engádegas aceptadas, resulta **ditaminada favorablemente por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

1. Esixir á Xunta de Galiza que dea a coñecer de inmediato os datos técnicos e as analíticas que producen a declaración de Zonas Vulnerábeis por Nitratos (ZVN).

2. Requirir á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Augas de Galiza os seus informes realizados para a aplicación do Decreto 47/2022.

3. Solicitar á Xunta de Galiza unha comisión de seguimento entre a Consellería de Medio Rural, concellos afectados, sindicatos, I.X.P. Pataca de Galicia, asociacións de produtores de pataca, asociación ADEGAL, e Universidade Campus da Auga, para o seguimento da redacción do Plan de Acción e o seu desenvolvemento nos seguintes catro anos.

4. Solicitar á Xunta de Galiza que o Plan de Acción en ningún caso poida derivar responsabilidades, competencias nin ningún tipo de financiamento por parte das entidades locais, sendo asumido na súa integridade pola Xunta de Galiza.

5. Instar á Xunta de Galiza ao establecemento de medidas de apoio económico, a través das axudas da Consellaría do Medio Rural para plans de mellora de explotacións agrarias, que incorporen investimentos (de ser precisos) para adoptar os requisitos ambientais decretados.

6. Esixir á Xunta de Galicia que dea a coñecer de inmediato o contido completo do Plan Estratéxico da Limia, elaborado xa no ano 2021, así como as medidas contempladas nel. (...)

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

Intervén a **concelleira Elvira Lama** indicando que estamos ante unha moción de fábrica do grupo do BNG que xa foi debatida amplamente no pleno do día 28 da Deputación Provincial onde foi votada por unanimidade por tódolos grupos, motivo polo que manifesta que vai a reiterar os argumentos no seu día expostos na Deputación. Neste senso, indica que o pasado día 24 de febreiro na Delegación da Xunta, o Director Xeral de Gandería reuniuse cos 9 alcaldes da Comarca da Limia para transmitirles que non hai máis remedio que declarar A Limia como zona vulnerable por nitratos por mor das esixencias do Ministerio. Continúa a súa intervención indicando que a citada declaración terá que levarse a cabo como moi tarde o 22 de maio, e trae a colación o acontecido coa declaración de zona ZEPA no ano 2009 que se atopou con múltiples resistencias, sinalando neste senso que o Decreto da ZEPA contemplaba un plan director e un plan de xestión, que a día de hoxe están sen executar, e que serían beneficioso para a nosa agricultura e gandeiría. Procede seguidamente a dar lectura a unhas





Concello de Xinzo de Limia

notas: “El complicado puzzle de los purines y estiércoles de La Limia, 27 de febreiro de 2019, Galicia, esta Comarca cuenta con alrededor cuatrocientas granjas intensivas de porcinos, pollos y terneros, sumando 75 mil unidades de ganado mayor y generan unos residuos que equivalen a un millón y medio de habitantes en este territorio, y la gestión de tal volumen de purines y estiércoles se ha convertido en los últimos años en un problema para las aguas de la comarca en las que se detectan episodios de contaminación por nitratos”. Outra nota: “ El agro busca una salida al aumento de los purines de La Limia, del mismo año 2019, la Consellería de Medio Rural, anuncio pago de primas para que los ganaderos de toda Galicia envíen los residuos a las plantas de tratamientos, y la Xunta trata de esquivar la declaración de zona vulnerable por nitratos”, ano 2019. En agosto do ano 2019, despois dos movementos sociais “Auga limpa xa”, o Conselleiro tivo unha reunión no Concello de Xinzo cos Alcaldes da Comarca, prometendo construír a primeira planta de tratamento de xurros na Limia e outras medidas e iniciouse o que sería o Plan estratéxico da Limia, o cal dende o ano 2021 está sen desenvolver. Considera que a declaración de zona vulnerable por nitratos desta Comarca levará a un respecto polo medio ambiente e a unha mellora nas explotacións como xa pasou coa declaración da ZEPA, motivo polo que manifesta o seu apoio ás medidas, resaltando o feito de que a declaración da que estamos a falar foi realizada por tódalas comunidades autónomas e reitera a necesidade de que se redacte un plan de acción por parte da Xunta de Galicia. Finaliza a súa intervención indicando que os resultados das analíticas de contaminación por nitratos están colgadas na páxina do Ministerio de Transición Ecolóxica do período 2020-2023, non valendo como escusa por parte da Xunta de Galicia que dende o Ministerio non pasan os datos.

O **Sr. Alcalde** manifesta que se ben o Concello non ten competencia para levar a cabo unha acción directa nesta materia, sen embargo, sinala que a súa actuación sí que pode conlevar un avance importante a fin de que a declaración de zona vulnerable por nitratos non sexa desfavorable para os gandeiros. Continúa a súa intervención indicando que actualmente estanse producindo cereais cunhas unidades de nitróxeno inferiores ás que esixe o Decreto e, polo que atinxe á pataca, sinala que actualmente os agricultores están moi sensibilizados neste eido aplicando menos cantidade de nitróxeno do que se permite no mentado Decreto e levando a cabo analíticas constantemente no INORDE, polo que conclúe que se está producindo na Comarca da Limia dunha maneira respectuosa e competitiva, sen prexuízo da necesidade de incidir conxuntamente no plan de acción.

O **Sr. Concelleiro Camilo Vila García** intervén para salientar a información sesgada que transmitiu o Sr Alcalde pois alude unicamente á produción da pataca obviando ó sector gandeiro, concretamente aos problemas dos residuos que produce como os puríns dos polos. Asemade, manifesta que o Concello mediante accións de información e apoio ós sectores agrícola e gandeiro pode axudar a contrarrestar a minoración das marxes que pode conlevar a Declaración de zona vulnerable por nitratos.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** manifesta a súa conformidade co exposto polo Sr. Concelleiro Camilo Vila García e sinala que a Confederación está a financiar o 95% das obras de saneamento e depuración das augas. Engade que a Unión Europea esta a advertir dun problema dende hai moitos anos que é preciso abordar de forma urxente pois pode existir relación entre a contaminación das augas e determinados tipos de cancro cunha especial incidencia na Comarca, motivos todos eles polos que prega á Xunta de Galicia que declare a Comarca de Xinzo como zona vulnerable por nitratos e que se leve a cabo con carácter urxente o Plan de Acción.

O **Sr. Alcalde** manifesta a necesidade de traballar conxuntamente no Plan de acción para poder incidir, entre outras cuestións, no saneamento das augas dos núcleos, aínda que non interese politicamente, e na necesidade dunha planta de tratamento de xurros. Remata a súa intervención dicindo que estamos ante un problema no que se teñen que implicar todas as administracións pois do contrario acabará asumindo as consecuencias o sector máis débil.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**





Concello de Xinzo de Limia

- 1. Esixir á Xunta de Galiza que dea a coñecer de inmediato os datos técnicos e as analíticas que producen a declaración de Zonas Vulnerábeis por Nitratos (ZVN).*
- 2. Requirir á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Augas de Galiza os seus informes realizados para a aplicación do Decreto 47/2022.*
- 3. Solicitar á Xunta de Galiza unha comisión de seguimento entre a Consellería de Medio Rural, concellos afectados, sindicatos, I.X.P. Pataca de Galicia, asociacións de produtores de pataca, asociación ADEGAL, e Universidade Campus da Auga, para o seguimento da redacción do Plan de Acción e o seu desenvolvemento nos seguintes catro anos.*
- 4. Solicitar á Xunta de Galiza que o Plan de Acción en ningún caso poida derivar responsabilidades, competencias nin ningún tipo de financiamento por parte das entidades locais, sendo asumido na súa integridade pola Xunta de Galiza.*
- 5. Instar á Xunta de Galiza ao establecemento de medidas de apoio económico, a través das axudas da Consellaría do Medio Rural para plans de mellora de explotacións agrarias, que incorporen investimentos (de ser precisos) para adoptar os requisitos ambientais decretados.*
- 6. Esixir á Xunta de Galicia que dea a coñecer de inmediato o contido completo do Plan Estratéxico da Limia, elaborado xa no ano 2021, así como as medidas contempladas nel.*

Expediente 2517/2025. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 01/2025 - SUPLEMENTO DE CREDITO FINANCIADO CON RTGX :	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 07/04/2025, do seguinte teor literal: "(...) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o **Sr. Alcalde** expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, é aceptada a súa urxencia por unanimidade.

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 04/04/2025, do seguinte teor literal:

"(...) En relación co expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 1/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito financiado con cargo a remanente de tesourería, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito, e dado que se dispón de **955.000€**, por Providencia de Alcaldía incoouse expediente para a concesión de suplemento de crédito financiado con REMANENTE DE TESOURERÍA.

SEGUNDO. Emitiuse Informe de Intervención na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.





Concello de Xunzo de Limia

TERCEIRO. Emitiuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **POLO QUE PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a ó remanente de tesourería do ano 2024, como segue a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
151.21300	Mantemento maquinaria, instalacións e utillaxe	23.000 €
151.212.00	Mantemento edificios	27.300 €
330.226.09	Actividades culturais	36.900 €
340.226.09	Actividades deportivas	15.500 €
011.913.00	Amortización préstamos fóra do sector público	300.000 €
162.209.11	Servizo recollida lixo	110.000 €
450.609.00	Cofinanciacións e financiación de investimentos e infraestruturas	442.300 €
	TOTAL	955.000,00 €

Esta modificación finánciase con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais , de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Descrición	Cuantía
870.00	RLTGG	955.000,00€

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 177 da Lei 4/2004, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente. (...)”

Intervén a **Interventora** municipal para dar conta do suplemento de crédito por 955.000,00 € que se propón levar a cabo, e os capítulos do orzamento de gastos que se van a suplementar co remanente de tesourería para gastos xerais.

Seguidamente intervén a **Concelleira Elvira Lama** para solicitar unha relación de tódalas





Concello de Xinzo de Limia

subvencións solicitadas a fin de coñecer a contía á que ascende os fondos propios a aportar. Tralo debate a **proposta resulta ditaminada favorablemente, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal "ÁXIL" (1, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), coa abstención dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a ó remanente de tesourería do ano 2024, como segue a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
151.21300	Mantemento maquinaria, instalacións e utillaxe	23.000 €
151.212.00	Mantemento edificios	27.300 €
330.226.09	Actividades culturais	36.900 €
340.226.09	Actividades deportivas	15.500 €
011.913.00	Amortización préstamos fóra do sector público	300.000 €
162.209.11	Servizo recollida lixo	110.000 €
450.609.00	Cofinanciacións e financiación de investimentos e infraestructuras	442.300 €
	TOTAL	955.000,00 €

Esta modificación finánciase con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais , de **acordo co seguinte detalle:**

Aplicación	Descrición	Cuantía
870.00	RLTGG	955.000,00€

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 177 da Lei 4/2004, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. (...)"

O **Sr. Alcalde** indica que se trae ó plenario un suplemento de crédito por 955.000 euros dos cales 300.000 euros destináranse á amortización do préstamo e 442.300 euros para a aportación do Concello nos investimentos nos que se soliciten subvencións. A continuación abre a **quenda de intervencións:**

O **Sr. Camilo Vila García** manifesta que se absterá se non se lle informa do destino das contías suplementadas nas aplicacións orzamentarias de actividades culturais e deportivas segundo o solicitado na Comisión.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** igualmente manifesta que se absterá se non se lle indican as





Concello de Xinzo de Limia

retencións de crédito relativas ás achegas municipais en obras subvencionadas, reiterando neste senso o solicitado na Comisión Informativa.

O **Sr. Alcalde** resposta ó voceiro do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego indicando que o suplemento financiará as actividades deportivas e culturais que se executen de aquí a final de ano.

Tralo debate a proposta resulta ***aprobada, cos votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal “AXIL” (2+1, o Alcalde), cos votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular (4), e coa abstención dos concelleiros dos concelleiros do PSdeG-PSOE (4), e coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal BNG (2), adoptándose o seguinte acordo:***

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a ó remanente de tesourería do ano 2024, como segue a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
151.21300	Mantemento maquinaria, instalacións e utillaxe	23.000 €
151.212.00	Mantemento edificios	27.300 €
330.226.09	Actividades culturais	36.900 €
340.226.09	Actividades deportivas	15.500 €
011.913.00	Amortización préstamos fóra do sector público	300.000 €
162.209.11	Servizo recollida lixo	110.000 €
450.609.00	Cofinanciacións e financiaciós de investimentos e infraestruturas	442.300 €
	TOTAL	955.000,00 €

Esta modificación finánciase con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais , de acordo co seguinte detalle:

Aplicación	Descrición	Cuantía
870.00	RLTGG	955.000,00€

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 177 ***da Lei 4/2004, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:***

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoral o a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en





Concello de Xinzo de Limia

caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Expediente 2703/2025. MOCIÓN URXENTE do Grupo de Goberno para reiterar ás institucións públicas o uso do topónimo “XINZO DE LIMIA”:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais. Realizada a votación, a urxencia é *APROBADA por unanimidade*, procedendo a incluíse na orde do día.

Aprobada a inclusión na orde do día da moción presentada, tendo esta o seguinte teor literal:

“(…) MOCIÓN POR O PROCEDEMENTO DE URXENCIA PARA A SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA E NO SEU CASO POSTERIOR DEBATE

Os Concelleiros do Grupo de Goberno do Concello de Xinzo de Limia, ao abeiro do previsto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte Moción, por o procedemento de urxencia para a súa inclusión na orde do día e no seu caso posterior debate.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado luns, na Comisión Informativa celebrada ás 10:00h da mañá, de Cultura, Turismo, Comunicación e Relacións Institucionais, o Grupo de Goberno deste Concello deu conta da súa intención de presentar unha moción no próximo Pleno, por o procedemento de urxencia, -convidando aos grupos políticos a facela de xeito conxunto- despois de coñecerse que a “S.E. Loterías y Apuestas del Estado”, do “Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030” do Goberno de España, baixo a dependencia da “Secretaría General de Consumo y Juego” e da “Dirección General de Ordenación del Juego”, sacou un billete de lotería fraccionado en décimos de 6 euros coa imaxe da máscara da Pantalla do Entroido de Xinzo de Limia, baixo a cal figuraba o texto en castelán: “Máscara de Pantalla de Ginzo de Limia, Orense”.

